



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 7 de xuño de 2018 da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Viveiro. (Expediente IN407A 2017/109-2-8583-AT).

Para os efectos previstos na Lei 24/2013 do 26 de decembro (BOE nº. 310) do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, (BOE nº. 310) polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que se describe:

- Solicitante: BEGASA
- Domicilio Social: parque empresarial As Gándaras, r/ Aller Ulloa, Ramón María, 9, 27003 Lugo
- Denominación: LMTS e CT Augadoce e modificación da RBT existente
- Situación: concello de Viveiro
- Características Técnicas:
 - Liña de Media Tensión soterrada a 20 kV, cunha lonxitude de 735 m en condutor RHZ1 240, tendendo novo circuíto dende o CT Augadoce proxectado ata o CT Albergue existente. Desmontar o condutor existente entre o CT Albergue e a arqueta 10 existente e volver a tendelo dende esta arqueta ata o CT Augadoce.
 - Centro de transformación prefabricado, cunha potencia de 630 kVA, e unha relación de transformación de 20.000/400-230 V.
 - Rede de baixa tensión soterrada, cunha lonxitude de 60 m, con orixe no C.T. Augadoce proxectado, condutor tipo RV 240, e final en conexión coas redes de baixa tensión soterrada e aérea existentes.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o proxecto e presentar as súas alegacións, nesta xefatura territorial, sita na Rolda da Muralla nº. 70-baixo 2- Lugo, no prazo de vinte días a partir do seguinte ao da última publicación desta resolución.

Lugo, 7 de xuño de 2018.- A xefa territorial, Pilar Fernández López

R. 1776

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMIA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO. SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL

Anuncio

En cumprimento do disposto no artigo 13 do Real decreto 416/2015, do 29 de maio, sobre depósito de estatutos das organizacións sindicais e empresariais, e ós efectos previstos no mesmo, faise público que o día 31/05/2018 foron depositados os estatutos da organización empresarial denominada "ACR-ASOCIACION DE EMPRESARIOS Y COMERCIANTES DE RÁBADE", con domicilio en Rábade na rúa Alcalde Ángel Penas, s/n-Centro Sociocultural, que desenvolverá a súa actividade nos ámbitos que a seguir se citan, sendo os seus asinantes os que asemade se sinalan:

Ámbito territorial: local-municipio de Rábade.

Ámbito profesional: empresarios do sector do comercio, hostalería ou servizos.

Asinantes: María Paula Díaz Gómez, María Dolores Lage García, María Elvira Manteiga Valle e outras.
Lugo, 26 de xuño de 2018.- A xefa territorial, Pilar Fernández López

R. 1869

EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO

Anuncio

LICITACIÓN

Aprobada pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de xuño do 2018 a proposta relativa á aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán a contratación do servizo de vixilancia e seguridade nas distintas dependencias da Deputación Provincial de Lugo.

1. ENTIDADE ADXUDICADORA:

- a) Organismo: Deputación Provincial de Lugo.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.
- c) Nº de expediente: EXP0015SE18-ABO
- d) Domicilio: San Marcos 8.
- e) Localidade e código postal: Lugo 27001.
- f) Teléfono: 982260190.
- g) Correo electrónico: m.tarrio@deputacionlugo.org.
- h) Convocatoria de licitación. publícase no Diario Oficial da Unión Europea, e na plataforma de contratación do estado, á que se pode acceder a través da páxina web da Deputación Provincial de Lugo, no menú servizos - perfil do contratante. (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es).
- i) Data de envío do anuncio ao DOUE: o día 3 de xullo de 2018, sendo posteriormente anulado por un problema relativo ao uso das linguas no anuncio, polo que o día 5 de xullo se remitíu de novo ao DOUE para a súa correcta publicación.

2. OBXECTO DO CONTRATO:

- a) Tipo: Servizos.
- b) Descrición: O presente contrato ten por obxecto a prestación do servizo de seguridade e vixilancia dos distintos edificios e dependencias da Deputación provincial de Lugo, nos termos contidos no prego de cláusulas administrativas particulares e no Prego de prescricións técnicas.
- c) Duración: 3 anos
- d) Admisión de prórroga: si, por un ano máis, sen que a duración total do contrato poida exceder dos 4 anos.
- e) CPV (Vixilancia): 79714000-2.
CPV (Seguridade): 79710000-4

3. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO:

Tramitación ordinaria e procedemento aberto.

4. ORZAMENTO BASE DA LICITACIÓN:

O orzamento base de licitación anual para este contrato é 963.284,08 €, sobre os que se aplicará un IVE do 21%, 202.289,65 € o que fai un total de 1.165.573,73 euros, coa desagregación por conceptos incorporadas como anexos.

O orzamento base de licitación deste contrato (3 anos) ascende a 2.889.852,24 € aos que se aplicará un IVE do 21%, 606.868,97€, o que fai un total de 3.496.721,19€.

5. GARANTÍAS ESIXIDAS.

Provisional: Non se esixe.

Definitiva: 5% do importe de adxudicación do contrato, excluído o IVE

6. REQUISITOS ESPECÍFICOS DO CONTRATISTA:

- a. Condicións de aptitude para contratar e habilitación profesional. Cláusula sétima do PCAP

7. PRESENTACIÓN DE OFERTAS:

- a) Prazo: O prazo de presentación de proposicións, nesta contratación suxeita a regulación harmonizada, será de 35 días naturais, nesta modalidade de contratos de servizos, desde a data de envío ao DOUE, precisando na Plataforma de Contratos do Sector Público, o último día para presentar proposicións.

Se o último coincidise en sábado, domingo ou festivo, entenderase prorrogado ata o seguinte día hábil.

- b) Modalidade de presentación: A presentación poderá realizarse ben persoalmente, no Rexistro xeral da Deputación provincial de Lugo, ben mediante envío por mensaxería entregado dentro do prazo sinalado, ou ben en calquera das dependencias administrativas recollidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, de conformidade coa disposición derogatoria única, letra g), da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, en relación coa disposición final sétima e o artigo 16.4 da Lei 39/2015, no que resulte aplicable.

No caso de envío por correo ou en calquera das dependencias recollidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e artigo 16.4 da Lei 39/2015, que resulten de aplicación, o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación (a través do rexistro da entidade contratante), por Fax, télex ou telegrama, a remisión da proposición (fax: 982180004).

- c) Lugar de presentación:

- i. Dependencia: Rexistro da Excm. Deputación provincial de Lugo en horario de 09:00 a 14:00 de luns a venres.
- ii. Domicilio: San Marcos nº8
- iii. Localidade e código postal: Lugo, 27002.
- iv. Fax: 982180004
- v. Dúvidas: As consultas dos/as interesados/as sobre o prego de cláusulas administrativas e/ou prescricións técnicas, deberán realizarse mediante escrito que deberá ser remitido á dirección de correo electrónico contratacion@deputacionlugo.org serán resoltas, no caso en que se estime procedente, a través do perfil do contratante. Habilítase ao servizo de contratación e fomento para xestionar tales tramitacións. Só se resolverán as dúbidas plantexadas nos 15 primeiros días do prazo de presentación de propostas, data límite para presentar consultas.

8. OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS E CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN.

- a. Condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 221.1.f) da LCSP recollidas na cláusula vixésimo segunda do prego de cláusulas administrativas.
- b. Condicións especiais aos que se lles aplican penalidades. Apartado 22.3 e 22.4 deste PCAP.

9. ADMISIÓN DE VARIANTES: Non.

En Lugo, a 6 de XULLO do 2018. O PRESIDENTE. P.D. Decreto nº 0402/2017, de data 24-02-2017.O DEPUTADO PROVINCIAL,Pablo Rivera Capón

R. 1939

CONCELLOS**CASTRO DE REI***Anuncio***EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Aprobado por Decreto de Alcaldía de data 25 de xuño de 2018 o Padrón Tributario das taxas pola prestación dos servizos de Abastecemento de auga, Saneamento e Recollida de lixo e Canon da auga, correspondente ó 1º trimestre de 2018, exponse ó público durante o prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP, para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación e as liquidacións consignadas no referido Padrón contributivo e notificadas colectivamente perante o presente anuncio, os interesados poderán interpoñer, recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do Canon da auga, poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 68.1 b) do Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de pago en período voluntario, o comprendido entre o 25 de xuño e o 25 de agosto de 2018, ambos inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Ó resto seranlles enviados ó domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago en calquera das sucursais bancarias do Concello de Castro de Rei.

A falta de pagamento no período voluntario suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Castro de Rei, 26 de xuño de 2018.- O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 1870

Anuncio

D. FRANCISCO JAVIER BALADO TEIJEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO).

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS.

Visto que a alcaldía non vai poder exercer as atribucións que lle corresponden por ausencia do termo municipal durante o período do 5 ao 6 de xullo de 2018, ambos incluídos.

En base ao disposto polos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 44 e 47 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e a atribución que me confire o artigo 21.1. a), r) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

RESOLVO:

1. Delegar as funcións e atribucións propias da Alcaldía na persoa de D. Roberto Lorenzo Fernández, Primeiro Tenente da Alcaldía, no período comprendido entre o 5 e o 6 de xullo de 2018, ambos incluídos.
2. Durante este período de substitución, a citada persoa exercerá as funcións e atribucións delegadas a título de Alcalde por Delegación.
3. No suposto de producirse a vacante, ausencia ou enfermidade da anteriormente indicada persoa, as referidas funcións pasarían automaticamente ás demais Tenencias da Alcaldía, segundo a súa orde de nomeamento, e nas mesmas condicións establecidas na parte dispositiva deste decreto.
4. No suposto que o abaixo asinante alcalde se reincorporase as súas funcións antes de transcorrer o período expresado no apartado número un da parte resolutiva deste decreto, a presente delegación quedaría automaticamente revocada.
5. Dar conta ao Pleno da presente Resolución na primeira sesión que este órgano celebre.
6. Dispor a publicación do presente Decreto no Boletín Oficial da Provincia.
7. Notificar este Decreto ao 1º Tenente de Alcalde deste Concello.

Castro de Rei, 27 de xuño de 2018.- O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 1871

FOZ

Anuncio

CONTA XERAL 2017

En cumprimento do artigo 212 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas na sesión celebrada o día 21 de xuño de 2018, exponse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2017, por un prazo de quince días, durante os que, e oito máis, aqueles que se estimen interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.-

Foz, 27 de xuño de 2018.- O ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

R. 1872

LÁNCARA

Anuncio

O Pleno do Concello de Lánara en sesión ordinaria realizada o 31/05/2018 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 5/2018 do orzamento xeral do Concello de 2018. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 09/06/2018 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado, co seguinte resumo por capítulos do orzamento:

Estado de ingresos:

Capítulo I	Impostos Directos.	581.066,75
Capítulo II	Impostos Indirectos.	25.000,00
Capítulo III	Taxas, Prezos P. e Outros Ing.	258.150,00
Capítulo IV	Transferencias Correntes.	1.076.759,09
Capítulo V	Ingresos Patrimoniais.	6.100,00
Capítulo VI	Alleamento de Inv. Reais	0
Capítulo VII	Transferencias de Capital.	301.808,13
Capítulo VIII	Activos financeiros	249.598,44
TOTAL INGRESOS		2.498.482,41

Estados do gastos:

Capítulo I	Gastos de Persoal	910.524,00
Capítulo II	Gtos. Bens Correntes e Serv.	880.202,47
Capítulo III	Gastos Financeiros.	3.700,00
Capítulo IV	Transferencias Correntes.	13.600,00
Capítulo VI	Investimentos Reais.	666.955,94
Capítulo VII	Transferencias de Capital.	13.000,00
Capítulo IX	Pasivos Financeiros	10.500,00
TOTAL GASTOS		2.498.482,41

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 e seguintes da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de dita Xurisdición.

Lánara, 3 de xullo de 2018.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López

R. 1885

Anuncio

O Pleno do Concello de Lánara en sesión ordinaria realizada o 31/05/2018 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 6/2018 do orzamento xeral do Concello de 2018. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 09/06/2018 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado, co seguinte resumo por capítulos do orzamento:

Estado de ingresos:

Capítulo I	Impostos Directos.	581.066,75
Capítulo II	Impostos Indirectos.	25.000,00
Capítulo III	Taxas, Prezos P. e Outros Ing.	258.150,00

Capítulo IV	Transferencias Correntes.	1.076.759,09
Capítulo V	Ingresos Patrimoniais.	6.100,00
Capítulo VI	Alleamento de Inv. Reais	0,00
Capítulo VII	Transferencias de Capital.	301.808,13
Capítulo VIII	Activos financeiros	277.691,49
TOTAL INGRESOS		2.526.575,46

Estados do gastos:

Capítulo I	Gastos de Persoal	910.524,00
Capítulo II	Gtos. Bens Correntes e Serv.	901.215,81
Capítulo III	Gastos Financeiros.	3.700,00
Capítulo IV	Transferencias Correntes.	16.692,93
Capítulo VI	Investimentos Reais.	670.942,72
Capítulo VII	Transferencias de Capital.	13.000,00
Capítulo IX	Pasivos Financeiros	10.500,00
TOTAL GASTOS		2.526.575,46

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 e seguintes da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de dita Xurisdición.

Láncara, 3 de xullo de 2018.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López

R. 1886

LUGO

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión do día 4 de xullo de 2018, aprobase: Ampliar o prazo de presentación de solicitudes para o ALUGUEIRO DE NOVE LOCAIS COMERCIAIS NA ZONA DA TINERÍA, ata o **31 de xullo de 2018**.

a) Data límite de presentación: O prazo de presentación de proposicións queda prorrogado ata o 31 de xullo de 2018 (incluído).

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula quinta das BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA O ALUGUEIRO DE NOVE LOCAIS DE TITULARIDADE PÚBLICA NA ZONA DA TINERÍA, PARA A DINAMIZACIÓN COMERCIAL, ECONÓMICA E SOCIAL DA ZONA

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: As solicitudes, e documentación anexa, deberá presentarse no Rexistro Municipal, en horario de 09:00 a 14:00 de luns a venres, ou por calquera outro medio previsto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197, planta baixa

3ª Localidade e C.P.: Lugo, 27002

d) Outras informacións: As que se recollen nas BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA O ALUGUEIRO DE NOVE LOCAIS DE TITULARIDADE PÚBLICA NA ZONA DA TINERÍA, PARA A DINAMIZACIÓN COMERCIAL, ECONÓMICA E SOCIAL DA ZONA, e outra documentación dispoñible na WEB municipal: www.lugo.gal, no seguinte enlace:

<http://lugo.gal/gl/actuacions/viveiro-de-empresas-tineria>

e) Gastos de anuncios: O custo do presente anuncio, que ascende á cantidade de 33,02 €, será por conta do Concello de Lugo.

Lugo, 04 de xullo de 2018.- A TENENTA DE ALCALDE, DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E PROMOCIÓN ECONÓMICA, Ana Prieto Nieto

R. 1898

NAVIA DE SUARNA

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado, ó non presentarse ningunha reclamación na súa contra, o expediente de modificación de créditos Nº3/2018, que comprende suplemento de créditos por importe de 95.518,32 €, e de crédito extraordinario por importe de 33.282,92 €, financiado con cargo ó remanente líquido de tesoureiría para gastos xerais, derivado da liquidación do exercicio 2.017, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o T.R. da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, trala aprobación do expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do orzamento municipal do exercicio 2.018, é o seguinte:

Capítulo 1	604.961,21 €
Capítulo 2	396.163,73 €
Capítulo 4	15.150,00 €
Capítulo 6	<u>394.994,64 €</u>
TOTAL ORZAMENTO	1.411.269,63 €

Navia de Suarna, 3 de xullo de 2.018.- O Alcalde, D. José Fernández Fernández

R. 1883

AS NOGAIS

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía do 29 de Xuño de 2018, prestouse aprobación inicial ós seguintes Padróns, correspondentes ó 2º Trimestre de 2018:

- Padrón Taxa por abastecemento de auga e I.V.E. sobre o seu consumo.
- Padrón Taxa de sumidoiros.
- Padrón Taxa recollida de lixo.
- Canon da auga.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas antes indicadas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen oportunas, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulasen reclamacións contra os mesmos.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 24.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario para os Padróns citados, o comprendido entre os días 02/07/2018 e 02/09/2018, ambos inclusive. Para o cobro dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá persoarse nas oficinas municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina o devengo do recargo de apremio, xuros de demora e custos que se produzan, de acordo co establecido nos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación.

No caso do Canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do mesmo pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

As Nogais, a 29 de Xuño de 2018.- O ALCALDE

R. 1874

A PASTORIZA

Anuncio

No Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Lugo tramítase o recurso procedemento ordinario 000050/2018-2P- interposto por Explotación de Rocas Minerales e Industriales, S.A. (ERIMSA), contra este Concello de Pastoriza por desestimación presunta por silencio administrativo do recurso de reposición interposto contra o decreto da alcaldía polo que se declara a ineficacia da comunicación previa para a extracción de cuarzo metalúrxico para o desenvolvemento da actividade de explotación de cuarzo da concesión "Alicia 5.917" no municipio da Pastoriza.

O que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas e entidades interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer en dito xulgado como demandados no prazo de nove días, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Pastoriza, 29 de xuño de 2018.- O alcalde, Primitivo Iglesias Sierra

R. 1887

PORTOMARÍN

Anuncio

Aprobado o PADRON de:

- Tasa SAF periodo marzo de 2018.

Se exponen al público, en estas oficinas, por el plazo de quince días hábiles a efectos de examen y reclamaciones.

PERIODO DE COBRO EN VOLUNTARIA:

- Del 22 de xuño 2018 ao 22 de xullo de 2018.

MODALIDADE DE COBRO.-

O ingreso das deudas realizaranse nas oficinas de Caixa Galicia – Oficina de Portomarín, nas datas laborables de 9,00 a 14,00 horas, nas que se presentará o documento de ingreso que, a tal efecto se remite a o domicilio dos contribuíntes.

Aquelas persoas que por cualquier circunstancia non reciban ou extravíen o documento de ingreso poderán solicitar un novo nas oficinas do Concello onde expediráselles outro a efecto de levar a cabo o ingreso en ditas oficinas da Caixa Galicia.

RECURSOS.-

Contra o acordo da aprobación poderá formularse recurso de reposición ante a Comisión de Goberno, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó finalizar o prazo de exposición ao público, ou ben recurso contencioso- adm. Ante o Xulgado do Contencioso Adm. de Lugo, non podendo interponerse ambos recursos de forma simultanea.

Transcurrido o prazo de ingreso no periodo voluntario, as deudas serán esixidas polo procedemento de apremio e se devengarán os recargos correspondientes ao periodo executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas do procedemento de apremio.

En Portomarín a 19 de xuño, asinado polo o Sr. Alcalde electrónicamente á marxe da páxina.

R. 1888

TABOADA

*Anuncio***EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN FISCAL E DO PERÍODO EN VOLUNTARIA DA COBRANZA DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO DO 1º SEMESTRE DE 2018.**

O Padrón fiscal da taxa de prestación do servizo de recollida de lixo correspondente ao **1º semestre** do exercicio **2018**, foi aprobado por **Decreto de Alcaldía de data 02.07.2018**.

O mencionado padrón expónse ao público nas oficinas da Casa do Concello polo prazo de dous meses, contado dende o seguinte ao da publicación no BOP do presente anuncio, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas (o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, que recolle o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes, contado dende o seguinte ao da finalización do período de exposición pública do mencionado padrón fiscal.

Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderase interpoñer, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo competente o recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación a dita resolución.

Se non recaera resolución no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do previsto no mencionado artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, produciranse os efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, se se considera convinte poderase empregar e exercitar calquera outro recurso.

A publicación no BOP do presente anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O período de **cobranza en voluntaria** será o comprendido dende o día **10 de xullo de 2018 ata 10 de setembro de 2018**, ambos os dous incluídos. Os contribuíntes poderán efectuar o pagamento da débeda tributaria do seguinte xeito:

- a) Na entidade colaboradora Abanca, presentando o correspondente recibo.
- b) Os recibos domiciliados polos contribuíntes serán cargados directamente polas respectivas entidades bancarias.

Unha vez rematado o prazo de pagamento en voluntaria sinalado, os débitos non satisfeitos entrarán no período executivo, de acordo co establecido no artigo 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, percibíndose a recarga e xuros de demora establecidos nos artigos 26 e 28 da referida norma.

En Taboada, 3 de xullo de 2018.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar

R. 1884